

DÍA 25 DE MAIO

ESPAZO:

Biblioteca Francesca Bonnemaison

Sant Pere més Baix, 7

Barcelona

Metro L1 Urquinaona

19:00 h

Recital poético en homenaxe a **María Mariño** (Letras Galegas 2007). A cargo de Ángela Serna e Pilar Corcueras, integrantes de *Xurxulak*.

Presentación do CD de poesía galega *Pensando nelas*.

Entrega dos premios do concurso literario *Contos no Mediterráneo*. Coa presenza do escritor **Diego Ameixeiras**.

Aperitivo

A exposición da MMM estará presente na B. Francesca Bonnemaison do 21 ao 31 de maio.



19 e 20 DE ABRIL

25 DE MAIO

INFO: espazogalego.info

correo-e: espazogalego@gmail.com / svarelapombo@gmail.com

ORGANIZAN:



Universitat
Autònoma
de Barcelona

COLABORA:

Membro de:
Rede.cat

Maio
Cultural
Galego

II XORNADAS
**GALIZA: NIN RASTRO
DE MULLERES?**
AS MULLERES COMO MEDIADORAS SOCIAIS



DÍA 19 DE ABRIL

ESPAZO:

Universitat Autònoma de

Barcelona

Facultat de Lletres – Edifici B

Bellaterra

Corredor de acceso ao Auditori (B7-B9)

Aula 211

16:00 h

Presentación da **exposición Marcha**

Mundial de Mulleres (B7-B9). Até o 19 de maio

Documental Palmas de Carmen P. Granxeiro (211)

Debate-coloquio As mulleres como mediadoras sociais. Coa presenza de:

Tareixa Otero Dacosta, representante da MMM en Galiza e integrante do grupo *Area Loura*,

Carme P. Granxeiro, directora do documental *Palmas*, **Belén Puñal**,

xornalista e investigadora en comunicación e xénero, e **Blanca Argilès**, licenciada en Historia e

Antropoloxía e mediadora cultural.

DÍA 20 DE ABRIL

ESPAZO:

Centre Cívic Drassanes

Nou de la Rambla, 43

Metro L2 Paral·lel / L3 Liceu ou Drassanes

19:00 h

Presentación da **exposición Marcha Mundial de Mulleres**. Desde o 16 até o 28 de abril

Documental Palmas de Carmen P. Granxeiro

Debate-coloquio As mulleres como mediadoras sociais. Coa presenza de:

Tareixa Otero Dacosta, representante da MMM en Galiza e integrante do grupo *Area Loura*,

Carme P. Granxeiro, directora do documental *Palmas*, **Elisabeth Uribe**, licenciada en Historia,

Filosofía e Xeografía e coordinadora de interculturalidade e xénero, e **Blanca Argilès**, licenciada en Historia e Antropoloxía e mediadora cultural.

MANIFESTO

A visibilidade é o primeiro paso para a consideración e o recoñecemento.

Desde o grupo *Galiza en feminino* do Espazo Galego dos Países Catalans e mais o Lectorado de Galego da UAB queremos **facer visíbeis** as mulleres galegas, **recoñecer** e **vindicar** o seu traballo e **facelas partícipes** na sociedade catalá.

Atopámonos nun mundo cada vez máis multicultural, en que aparecen conflitos no choque das culturas, de aí que se escoiten con máis frecuencia as palabras “mediadora social”.

Dende *Galiza en Feminino*, comezamos estas segundas xornadas preguntando: **quen son e quen foron as mediadoras sociais?**

Mulleres. As mulleres son un dos motores do cambio social e do diálogo entre culturas. A pesares de non ser recoñecidas conseguiron establecer estratexias relacionais entre realidades totalmente distintas, seleccionando as compatibilidades para o diálogo entre elas e conseguindo un camiño de mellora da súa situación e das súas comunidades.

A función de mediación desenvólvena tanto desde o activismo en movementos organizados como desde a praxe cotiá.

Abrimos estas xornadas amosando os exemplos dalgúns mulleres que desenvolven o seu traballo de mediación na Galiza:

- A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento que ten entre os seus retos a mellora das condicións de vida das mulleres en todo o mundo, e que asume como principais bandeiras a loita contra a feminización da pobreza e a violencia sexista: “Cambiar o mundo para cambiar a vida das mulleres. Cambiar a vida das mulleres para cambiar o mundo”.

-As mulleres xitanas, que están a actuar como activos elementos de mediación e diálogo entre a súa cultura e a galega.

Intervirán nesta II edición do *Galiza: nin rastro de mulleres?* creadoras, activistas e teóricas dos dous extremos peninsulares.

De Galiza chegarán **Tareixa Otero Dacosta**, representante da MMM e integrante do grupo *Area Loura*, **Carme P. Granxeiro**, directora do documental *Palmas*, que trata sobre a problemática da integración da comunidade xitana en Lugo, e **Belén Puñal**, xornalista e investigadora en comunicación e xénero. Desde Cataluña participarán **Elisabeth Uribe**, licenciada en Historia, Filosofía e Xeografía e coordinadora de interculturalidade e xénero, e **Blanca Argilès** licenciada en Historia e Antropoloxía e mediadora cultural.

